

PEZA DO MES

marzo

2006



**MEDALLA CONMEMORATIVA
DA VODA DOS PRÍNCIPES
CARLOS E MARÍA LUÍSA**

MEDALLA CONMEMORATIVA DA VODA DOS PRÍNCIPES CARLOS E MARÍA LUÍSA

Anverso: CAROLUS. III. PARENS. OPTIMUS

Busto de Carlos III á dereita, con perruca, manto e toisón.

Debaixo: T. PRIETO

Reverso: PUBLICAE. FELICIT. PIGNUS.

Bustos acolados dos Infantes á dereita. Na liña de corte do busto do Infante as iniciais, T.P.

Exergo: ALOISIA. PHILIP. INF. HISP. PARM. DVC.
FIL. CAROL. PRINCIP. NVPTA. M. DCC. LXV.

Bronce. Cuñada. d. 49 mm, g. 3,5 mm, p. 48 gr.

A medalla, a diferenza da moeda que xorde por necesidade dunha marca legal creada para transaccións comerciais, nace baixo o signo de perpetuar o culto á personalidade, conmemorar feitos históricos, avances técnicos ou científicos. É, polo tanto, unha peza de carácter conmemorativo ou simbólico, carente de todo valor fiduciario, reproducible e circulante que conxuga nun pequeno disco de metal (cospel) a expresión plástica coa mensaxe escrita. Pero a medalla é algo máis, é un pequeno obxecto de arte que serve para transmitir imaxes do pasado, dando a coñecer acontecementos públicos ou privados, importantes ou banais, que se cuñan nun metal para inmortalizarse no tempo.

Gregos e romanos coñecen a súa arte e a súa utilidade, pero é nas florecentes repúblicas da Italia do século XV onde nace na súa concepción moderna da man de Antonio Pisanello. As súas cualidades intrínsecas: pequeno formato, durabilidade, capacidade de ser intercambiable, e o seu valor artístico, fan da medalla un medio idóneo para transmitir as ideas renacentes. Non houbo Príncipe, Papa ou artista que non mandara tallar a súa efixie como expresión do seu poder, ou non as coleccionase como símbolo da súa nostalxia histórica.

En España, será coa chegada dos Borbóns no século XVIII cando se pode falar dunha medalla plenamente española. É Fernando VI, e sobre todo Carlos III, os que crean as estruturas necesarias para potenciar esa actividade a través do gravado,



MOLDE EN CERA CO BUSTO DO PRINCIPE CARLOS

cuxa ensinanza incorporouse a Academia dende a súa creación en 1752. É nestes anos, tralo nomeamento de Tomás Francisco Prieto como gravador da Real Casa da Moeda de Madrid en 1748 e como Director de gravado en oco da Academia, cando a medalla adquire a súa definitiva carta de natureza. Dende ese momento a medalla será concibida nos esquemas clásicos dunha arte oficial ou de “cámara”, vinculada nos seus inicios á medalla francesa.

O gravador Tomás Francisco Prieto naceu en Salamanca en 1716. Aos 15 anos entra de aprendiz no obradoiro de Lorenzo Montemán, gravador de orixe siciliana e gran coñecedor da ceca romana, onde recibe unha magnífica formación, que lle permite, poucos anos despois de trasladarse a Madrid, ganar por oposición a praza de Gravador da Casa de Moeda e o título de Gravador de Cámara de Carlos III. O continuo apoio real a súa actividade dende a súa chegada á capital, facilitaralle o coñecemento dun importante material numismático, medallístico e bibliográfico. Estas circunstancias estimulan o seu afán coleccionista, chegando a reunir un dos máis importantes conxuntos de debuxos, estampas, libros e medallas, entre as que se conta unha serie completa de medallas francesas, así como os seus útiles de fabricación, que anos máis tarde comprará o mesmo monarca para a formación dos gravadores da Casa de Moeda.

Esta preeminente situación de Prieto explica que sexa o encargado da realización da maior parte das



TROQUEL DO ANVERSO

TROQUEL DO REVERSO



GRAVADO DE SALVADOR CARMONA

medallas conmemorativas do momento, entre as que cabe destacar a que hoxe presentamos como peza do mes, considerada como unha das súas mellores obras.

Foi mandada cuñar na Casa da Moeda de Madrid en 1765 por encargo do Marqués de Grimaldi, Secretario de Estado de Carlos III, para conmemorar os esposais do Príncipe de Asturias, futuro Carlos IV, coa súa curmá María Luísa, filla de Don Felipe, Duque de Parma e de Louise Isabelle de Francia. Como na maioría das súas moedas e medallas, no anverso ofrecéñenos un magnífico retrato de Carlos III, cheo de nobreza e dignidade, e no reverso, como sucederá con outras da súa autoría, toma como exemplo unha composición francesa; ambos son proba da súa mestría na composición, distribución de masas, perspectiva e modelado.

Sobre a dificultade técnica que supón a elaboración dunha medalla é explícito o comentario que resume o capítulo que sobre a medalla aparece nos *Tratados de ourivería, escultura, debuxo e arquitectura* de Benvenuto Cellini: “só se pode falar con quen teñen algún coñecemento da arte (coido que a quen non posúen tal coñecemento resúltalles en exceso fatigoso entender estes detalles)...”.

Segundo el, o primeiro paso era crear un modelo en cera ou noutro material maleable, dándolle ao relevo o tamaño exacto que debería ter a medalla. Sobre este, facíase un molde en xeso que servía como pauta e modelo. Ao mesmo tempo preparábanse os troqueis, que debían ser de aceiro puro dulcificado ao lume e coidadosamente pulidos; despois de preparados estes, e sobre eles, por medio

de compases móbiles, trazábanse as orlas e a distancia entre as letras; logo, con sumo coidado, comezábanse a traballar directamente co buril, desbastando o aceiro e deixando en oco os motivos, para finalmente cuñar a medalla por medio de golpes potentes de martelo ou mediante unha especie de volante movido por varios homes. A partir do século XVI, recurriuse ao procedemento de obter o gravado en oco nos troqueis por medio do fincado mecánico de varios punzóns de aceiro endurecido, realizados en relevo de maneira manual. Unha vez feitos os troqueis, que se podían, no caso das medallas, retocarse a buril, cuñábase directamente a medalla mediante unha prensa de volante. O gravador participa en todo o proceso de creación co que demostra non só a súa maior ou menor sensibilidade artística, senón a súa gran pericia técnica, froito dunha gran formación, que ao longo do século XVIII combinaba nunha simbiose perfecta as ensinanzas gremiais coa formación académica.

No transcurso da segunda metade do século XIX a introdución dos procedementos mecánicos de redución (pantógrafo) garantirán a absoluta identidade entre as pezas do mesmo tipo. A partir deste avance técnico o molde de escaiola reproducíase en metal. Este móntase no pantógrafo que percorre mediante unha punta suave toda a superficie e cópiao nun anaco de aceiro, que constitúe o punzón principal en relevo; deste sacarase a matriz en oco a partir da que se realizan os punzóns en relevo e destes os troqueis cos que finalmente se acuñarán as medallas.



O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódalas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Ana María Veiga Romero

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG-97-2006

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTES